

CULTURA CASTREXA

A Cultura Castrexa foi un conxunto de manifestacións culturais do noroeste da Península Ibérica que durou desde finais da **Idade do Bronce** (século IX/VIII a.C.) ata o século I d.C. A súa área de extensión chega ata os ríos Navia e Túa polo leste e o Douro polo sur. Destaca polos poboados amurados coñecidos como castros (do latín castrum, campamento), dos que toma o seu nome. Comezou a ser influenciada pola cultura romana no s. II a.C. e, tras a contista, continuou na forma de Cultura Galaico-romana ata o s. III d.C.

Os habitantes dos castros traballaron a pedra, a cerámica e os metais.

A pedra non a utilizaron só para construír, senón tamén para a realización de moitos obxectos de uso cotián: muiños, bebedeiros, moldes para a fundición, amarradoiros, machados...


Producían cerámica de diferentes formas e tamaños, con variadas técnicas decorativas a base de incisións, estampacións e excisións entre as que destacan as triangulacións, os "SS" concentrados, círculos concéntricos, cordados...

O metal máis traballado é o bronce: caldeiros con asas (en ocasións decoradas), puntas de lanza, empuñaduras de puñais de entenas, coitelos, aneis, contas de colar... Tamén apareceron algúns restos de ferro.

Especial importancia ten a ourivería, coa realización de torques, brazaletes, diademas, amuletos ou arracadas. Empregaron diversas técnicas, cunha destreza espectacular: repuxado, filigrana, granulado...



CASCO DE LEIRO
(1000 a.C.-800 a.C.)



TORQUES



DEFINE: arracada, fíbula, torques, trisquel: